



ACONTECIMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Metropolitano*, *As Mariñas*, <<http://novas.betanzos.es>>



César

5 de xaneiro de 2018

Tivo lugar a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu por conta do Concello.

5 de xaneiro de 2018

Na Igrexa de Santiago tivo lugar o concerto da Orquesta Sinfónica de Galicia «Zarzuelapp», baixo a dirección de Lucía Marín e coa voz da mezzosoprano Beatriz Lanza. A organización foi da OSG en colaboración coa Deputación da Coruña, Concello de Betanzos e a Unidade Pastoral de Betanzos.

7 de xaneiro de 2018

Dentro do programa de Nadal organizado polo Concello tivo lugar na Igrexa de Santiago un concerto por conta da *Camerata Brigantina*.

12 de xaneiro de 2018

Na Sala Jesús Núñez do Edificio Liceo tivo lugar a inauguración da exposición poético-fotográfica itinerante titulada «Territorio acoutado», da poeta Olga Patiño e do fotógrafo Carlos Lorenzo, organizada polo Consorcio As Mariñas coa colaboración do Concello de Betanzos. Seguidamente realizouse a presentación do libro do mesmo título.

13 de xaneiro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un Festival Folclórico organizado pola Asociación Cultural Santo Domingo As Garelas de Betanzos, coa colaboración do Concello de Betanzos. Actuaron o Grupo Airiños do Frade de San Martín do Porto (Cabanás), As Mahuas da Coruña, Escola de Folclore de Coirós, Asociación A Foliada (Betanzos) e a entidade organizadora.



19-20 de xaneiro e 2018

Na Sala Azul do edificio Liceo desenrolouse ao longo destes días o obradoiro «Xuntar poesía e fotografía», realizado de xeito paralelo á exposición «Territorio acoutado» e organizado polo Consorcio das Mariñas e o concello.

30 de xaneiro de 2018

No Pleno deste día tomou posesión como concelleira por parte do Grupo Municipal do Partido Popular, Carmen Nogueira.

Febreiro de 2018

Ao longo deste mes desenvolveuse na Aula de Cultura Xulio Cuns o IX Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos, organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos. Contou coas representacións seguintes: «Maniféstate» interpretada pola compañía *Andaravía Teatro de Vedra* (A Coruña); «El sótano» pola *Compañía de Teatro y Danza El Ruixeñor* de Culleredo (A Coruña); adulto «Enciclopedia Álvarez» polo *Colectivo Cultural Ollomao* de Barreiros (Lugo) e «WC (O baño)» interpretada pola compañía *La Caja de Pandora* de Verín (Ourense).

Febreiro de 2017

Ao longo deste mes desenvolvéronse varios actos para conmemorar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, organizados polo Concello coa colaboración dos centros de ensino e asociacións culturais nos que participaron Raquel Queizás, Xandobela e Xurxo Lobato. Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a lectura de poemas e actuacións musicais, no que participou o grupo galego Adhara & Ritman con temas versionados da escritora. Completáronse os actos cunha mostra bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao e coa colocación de algúns dos seus poemas nos balcóns dos principais edificios municipais.



2 de febreiro de 2018

Roberto Tojeiro Rodríguez, presidente-conselleiro delegado de Gadisa, foi nomeado «fillo adoptivo» de Betanzos nun acto celebrado na Casa Consistorial. Con este nomeamento o concello quixo recoñecer a súa traxectoria profesional, así como a súa vinculación e colaboración personal coa cidade.

3-18 de febreiro de 2018

Na Sala de exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición fotográfica titulada «Amazigh», de Clara Lelarge e Jesús Manuel Giz Novo.



Arume

4-12 de febreiro de 2018

Desenvolvérónse ao longo destes días os festexos do Entroido na cidade, rematando coa queima da sardiña no río Mandeo.

16 de febreiro de 2018

No Salón azul do edificio Liceo tivo lugar a proxección do documental «Historias dun vello camionero. Unha viaxe no tempo pola antiga N-VI», do director e guionista Fernando Fernández.

18 de febreiro de 2018

O alcalde de Betanzos, Ramón García, mantivo unha reunión coa conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez. Entre outros temas tratouse o programa que acaba de pór en marcha a Xunta para a compra de vivendas que se suman ás xa adquiridas e para as que se destinaron 500 000 euros.



19 de febreiro de 2018

O alcalde, Ramón García, mantivo unha reunión cos catro anteriores alcaldes: Vicente de la Fuente, Antolín Sánchez Presedo; Manuel Lagares Pérez e María Faraldo Botana, respectivamente, para tratar diversos asuntos relacionados co 800 aniversario da cidade a celebrar o vindeiro ano 2019.

21 de febreiro ao 6 de marzo de 2018

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio Liceo puido contemplarse a exposición «Pinceladas ao óleo pola comarca», de Andrés Mariño Sammartín.



Marzo de 2018

Celebrouse no Edificio Arquivo o VII Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, organizadas polo Concello de Betanzos e coordenadas por Alfredo Erias. A primeira foi a titulada «Teoría del poblamiento humano» por conta do prehistoriador e cineasta betanceiro, José Carlos Soler Gómez. A segunda, «La sonrisa de Maquiavelo» por conta de Manuel María de Artaza Montero, profesor de Ciencia Política e da Administración na Universidade de Santiago de Compostela. A terceira, «Betanzos, unha *magic town* da xeración X á xeración Z» por conta de Carmen Cotelo, xornalista, Licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Autónoma de Barcelona (UAB). Rematou o ciclo coa conferencia «Da crise económica á crise política: causas e consecuencias dun cambio de sistema» por conta de Xosé Luis Barreiro Rivas, Profesor de Ciencia Política da USC, Doutor en Ciencias Políticas e Socioloxía.

Marzo de 2018

Ao longo deste mes conmemorouse o Día Internacional da Muller con varios actos como o concurso fotográfico «O papel das mulleres betanceiras hoxe», así como sesións de narracións por conta de Raquel Queizás para o alumnado de secundaria e bacharelato dos centros educativos da cidade. A exposición bibliográfica «Escritoras galegas contemporáneas» na Biblioteca Municipal Castelao e a visita guiada «Betanzos en feminino» que percorreu puntos da cidade relacionados coa muller.



1 de marzo de 2018

A subida da marea causou de novo inundacións no barrio da Ribeira afectando aos baixos dos edificios e da estrada, polo que se fixo necesario desviar o tráfico.

3 de marzo de 2018

No Edificio Liceo tiveron lugar diferentes obradoiros científicos e tecnolóxicos dentro da *Feira científica UDCiencia-Betanzos* organizada pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural de Universidade da Coruña en colaboración coa Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

8 de marzo de 2018

Mulleres de Betanzos e doutros municipios da comarca concentráronse na Praza da Constitución con motivo da celebración do Día Internacional da Muller.

10 de marzo de 2018

Enmarcada dentro dos actos de conmemoración do Día Internacional da Muller tivo lugar a XIV Xuntanza de Labores Artesanais, organizada polas Mulleres da Condesa e o Concello de Betanzos, na que participaron arredor de 400 persoas con asistencia de asociacións de Asturias, Cantabria, León e Galicia.



12 de marzo de 2018

O director de zona de Abanca en Betanzos/Eume, José Ulfe Bugallo e o alcalde de Betanzos, Ramón García asinaron un convenio polo que a entidade financeira ofrecerá produtos condicións melloradas para rehabilitar ou mellorar vivendas no centro histórico.

Marzo de 2018

O concello realizou un programa de mellora de instalacións deportivas que incluíu as pistas polideportivas cubertas e descubertas do concello e a renovación de equipamentos como os asentos das gradas e vestuarios do campo de fútbol do Carregal.

17 de marzo de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «Helena: Xuízo a unha lurpia» interpretada pola compañía Teatro do Atlántico. Organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Marzo de 2018

O alcalde de Betanzos, Ramón García Vázquez, mantivo en Madrid unha reunión co director xeral de Industrias Culturais e do Libro, Oscar de Santa María Gómez-Mampaso e a subdirectora xeral de Cooperación Cultural coas comunidades autónomas, Grial Ibáñez de la Peña, co fin de solicitar colaboración para a celebración o próximo ano 2019 do 800 aniversario da Fundación de Betanzos.

Marzo de 2018

O concello concedeu 160 axudas para escolares de infantil, Primaria e Secundaria, co obxecto de compensar ás familias con escasos recursos económicos a compra de libros e material escolar.



18 de marzo de 2018

O comercio *Calzados Escala* foi o galardonado co VIII Premio Úrsula Meléndez de Texeda, organizado polo Concello de Betanzos. Valorouse o seu labor e traxectoria profesional de cinco xeracións de mulleres vinculadas ao comercio desde o século XIX. Beatriz e Victoria Gómez Iglesias recollerón o galardón.

21 de marzo de 2018

Organizadas polo concello para a celebración do Día da Poesía, celebráronse diversas sesións nos centros de ensino co recital «Celebrar o verso» por conta da escritora galega Antía Alonso.

Marzo de 2018


Rematáronse as obras de construción da área de ocio da rúa Cruz Verde, onde se tratou de lembrar as vivendas xudeas e antigas profesións como a recolleita de lúpulo.

24 de marzo de 2018

Betanzos sumouse á hora do planeta apagando a luz en edificios oficiais. Esta iniciativa foi promovida polo Fondo Mundial para a Natureza para concienciar sobre a necesidade de evitar o cambio climático.

24-31 de marzo de 2018

Ao longo destes días desenvolvéronse os actos de Semana Santa, declarada recentemente de Interese Turístico de Galicia, que foron organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos. Deron comezo coa lectura do pregón por parte de D. Alfonso Carrasco Rouco, Obispo de Lugo. Contouse con actuacións musicais dentro do III Ciclo de Música Sacra no que participaron: Coro Cantabile, Coral polifónica de Betanzos, Grupo Sondenós, María Lueiro, Pablo Carballido, Pedro Martínez, Ayazo Zemba, Clara Jelihovschi e Florian Vlashi coa Camerata Brigantina. Programáronse as procesións seguintes: «A Borriquía», Vía Crucis, Santo Encontro, Santo Enterro e as procesións dos Caladiños e da Soidade, que contaron coa participación das sopranos Victoria Álvarez, Cristina López e Nuria Lemos, da Banda de gaitas e tambores Zucurrundullo de Castroverde (Lugo) e da Banda Acotaga de Ferrol, da Banda Municipal de Música de Betanzos, Agrupación musical Virxe da Amargura de Ferrol e da Agrupación musical Santísimo Cristo da Boa Morte de Ferrol. No convento de San Francisco puido contemplarse unha exposición de maquetas de arte sacra, cedidas por Francisco Escudero. O mal tempo permitiu soamente a salida de tres das seis procesións programadas.



3-21 de abril de 2018

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición de pintura titulada titulada «Catro médicos por Betanzos», de Xesús Vázquez, Leo García, Pablo Galego e Tino Cuesta.

4 de abril de 2018

Nos centros de ensino da localidade tivo lugar o espectáculo «Aldaoaldo porque si» por conta das poetas galegas María Lado e Lucía Aldao, con motivo da programación do Día da Poesía organizado polo concello.

6 de abril de 2018

Na Sala Multiusos do Edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «Historias de Neofalantes» de Manuel B. Dans, nun acto organizado pola Asociación Cultural Eira Vella.

13-29 de abril de 2018

No edificio Liceo tivo lugar a exposición «Semana Santa de Betanzos 2018», na que se amosaron as fotografías presentadas ao concurso da Confraría de Semana Santa de Betanzos, xunto coas instantáneas da mesma temática de diversos profesionais.

14 de abril de 2019

O alcalde, Ramón García e o presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, Fernando Souto descubriron unha placa sobre un monolito, na Magdalena, á beira da antiga fábrica de curtidos, que lembra aos represaliados e fusilados de Betanzos e da comarca.



14 de abril de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns celebrouse o VI Encontro de Escolas de Música Tradicional, organizada polo concello, coa participación da Tradescola de Lugo e da Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EMuF).

15 de abril de 2018

A atleta betanceira, Mónica Granero proclamouse, por segundo ano consecutivo, campiona do VII Maratón Coruña42 e o campionato galego.

17 de abril de 2018

No Edificio Liceo, organizado polo concello, tivo lugar a presentación-concerto do proxecto «En los márgenes del pentagrama, a orillas del Plata y el Mandeo» por conta do grupo de cámara Zoar.

18 de abril de 2018

Betanzos sumouse á loita contra a velutina cunha campaña na que se entregaron trampas aos veciños para limitar esta especie invasora.

21 de abril de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Estado de grazá» interpretada pola compañía Teatro do Noroeste. Organiza o Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditórios da AGADIC.

23-26 de abril de 2018

Ao longo destes días celebraronse diversas actividades, talleres e contacontos, programados polo concello nos centros de ensino da cidade para celebrar o Día Internacional do Libro e a Lectura.

23 de abril-31 de maio de 2018

Con motivo da celebración do Día Internacional do Libro e a Lectura tivo lugar a campaña «Betanzos. Poesía no comercio» nas tendas betanceiras, coa difusión das poesías galegas creadas polo alumnado do CEIP Francisco Vales Villamarín. Esta actividade estivo organizada polo Concello de Betanzos e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do CEIP Francisco Vales Villamarín.



24 de abril ao 2 de maio de 2018

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo, organizada polo concello, tivo lugar a exposición fotográfica «A muller en Betanzos: dous séculos», sobre a evolución do papel da muller a través do tempo nas imaxes do Arquivo Histórico Municipal e das do concurso «O papel das mulleres betanceiras hoxe» no que participaron alumnos do IES Francisco Aguiar.



César

26 de abril de 2018

María Illobre Caamaño recibiu unha homenaxe no Espazo+60 Afundación de Betanzos, coincidindo co Día Europeo da Solidariedade Intercultural, pola súa implicación e participación.



César

28 de abril de 2018

Betanzos foi o lugar de encontro da Xuntanza Motera organizada polo Motoclub Betanzos, á que asistiron numerosos participantes de toda Galicia e que contou con exhibición de minimotos e PitBikes na praza do Campo, así como diversos concursos e xogos.

Maio de 2018

Ao longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a María Victoria Moreno. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, da Rede Cultural da Deputación ademais das propias institucións municipais, como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas ou unha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao. Aitor Coronado Lucas, de quinto de Primaria do colexió Vales Villamarín foi o gañador do Concurso de carteis das Letras Galegas.

1 de maio de 2018

Celebrouse o «Canto dos Maios» polas prazas da cidade, por conta de parte do alumnado da Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EmuF) e do CEIP Francisco Vales Villamarín.

4-5 de maio de 2018

Desenrolouse estes días a II edición da «Primavera no Camiño Inglés» organizado pola Deputación da Coruña en colaboración co o Concello de Betanzos, na que se promocionaron os recursos turísticos, gastronómicos, culturais e artesanais dos dezaoito concellos polos que transcorre esta ruta xacobeira. O Presidente da Deputación, Valentín González, foi o encargado de inaugurar o evento xunto coa directora de Turismo de Galicia, Nava Castro.



Arume



Arume

6 de maio de 2018

Celebrouse a Volta Banco Mediolanumá Ría de Betanzos, organizada polo club As vellas non paramos e o concello. O evento deportivo contou coa participación da Federación Galega de Atletismo. Participaron arredor de 250 corredores resultando gañador Nuno Costa; Berta Pan, na categoría feminina e Ángel López, en cadeira de atletismo.

11 de maio de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo «BellónMaceiras Concerto Didáctico» por conta do grupo BellónMaceiras Dúo. Foi organizado polo Concello dentro do Programa Cultura no Camiño 2018 da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e Turismo de Galicia.

15-30 de maio de 2018

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición «A pegada ecolóxica», cedida polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

15-31 de maio de 2018

Na sala de exposicións Jesús Núñez tivo lugar a mostra de pintura titulada «Personaxes», da artista Carmen Prado.



Arume

16 de maio de 2018

No edificio Liceo tivo lugar o acto de entrega dos premios do VIII Concurso de carteis das Letras Galegas e de Creación Literaria. Os gañadores das distintas categorías foron: Mariña Erias Castro categoría ESO, Lucía Guillín Gasal en bacharelato e Ciclos Formativos e en categoría aberta para Raquel Vázquez Díaz.

17 de maio de 2018

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo «As aventuras de Gale» por conta da Xanela do Maxín. Foi organizado polo Concello a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

18 de maio de 2018

Carlos Arévalo, padexeiro do C.N Ría de Betanzos, acadou a medalla de plata na Copa do Mundo en K1 200 metros disputada en Szeged (Hungria). Días pasados acababa de proclamarse campión de España no encoro asturiano de Trasona.

19 de maio de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación do espectáculo «O Lobo e a Lúa» por conta da compañía Baobab Teatro. Foi organizado polo Concello dentro do Programa Cultura no Camiño 2018 da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e Turismo de Galicia.

20 de maio de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a posta en escena do espectáculo «A Danza das Letras» por conta da Escola de Danza Danzarte. Foi organizado pola Escola de Danza Danzarte.



laopinion.es

21 de maio de 2018

Tivo lugar a visita do conselleiro de educación, Román Rodríguez, que foi recibido polo alcalde, Ramón García quen lle presentou o proxecto de ampliación do patio cuberto da escola de educación infantil do CEIP Francisco Vales Villamarín. Estiveron acompañados de varios concelleiros e membros da comunidade educativa. Estiveron acompañados, entre outros, pola Concelleira de Educación, María Barral, o edil e senador do PP, José Ángel Rodríguez Prieto, e polo director do centro, Alejandro Sánchez.



laopinion.es

23 de maio de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo teatral «Veneris Dies», formado por diversas pezas breves, interpretado polo alumnado do Estudio de Teatro Casahamlet.



César

26 de maio de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Falar sen cancelas» interpretada pola compañía Culturactiva. Foi organizado polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditórios da AGADIC.

27 de maio de 2018

O pescador Betanceiro Maximino Rey Otero conseguió o primeiro salmón da tempada no río Mandeo, onde había dous anos que non se pescaba ningún.



Maio de 2018

Neste mes desenrolouse a campaña «calidade cerca de ti», lema da campaña de Promoción de mercados municipais da concellería de Feiras e Mercados. Complementouse coa campaña «Quere o teu mercado» levada a cabo pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo. O obxectivo foi apoiar, promocionar e visibilizar o papel dos mercados nas cidades, potenciando o produto local.

27 de maio de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto de presentación do disco «Diario de un analfabeto» do grupo MGV Trío.

31 de maio de 2018

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «Atlantidade: Mulher d'Água. Contos de mulheres e o mar» de Adela Figueroa Panisse con deseños de Celsa Sánchez Vázquez e editado pola Fundación Eira, que contou coa presentación de Xurxo Souto. O acto foi organizado polo Concello de Betanzos dentro do Programa das Letras Galegas.

1 de xuño de 2018

Na Igrexa de San Francisco terá lugar o concerto «No bico un cantar 2018», organizado polo Consello da Cultura Galega, a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos.

2 de xuño de 2018

Na Praza dos Irmáns García Naveira tivo lugar o festival «Elas son artistas», con obradoiros de pintura e a actuación musical do grupo «Blues do País». Foi organizado polo concello, Deputación da Coruña e «Elas son artistas».



3 de xuño de 2018

Na igrexa de Santiago e dentro dos actos do Corpus tivo lugar a interpretación da Danza de Xastres por conta do Grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos, recuperando unha tradición centenaria.



8-10 de xuño de 2018

Celebrouse ao longo destes días na Praza do Campo, organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios (ACEBE), «Betanchef», unha iniciativa que combina compras, entretenimento e agasallos.

9 de xuño de 2018

Dentro das actividades do Día da Diversidade organizadas polo Concello, celebrouse no Cine Alfonsetti a proxección da primeira longametraxe de temática LGTB rodada en galego «Nove de Novembro», dirixido por Lázaro Louzao e na que participou como actor betanceiro, Brais Yanek.

10 de xuño de 2018

Tivo lugar na catedral de Lugo a Ofrenda ó Santísimo Sacramento dentro das solemnidades do Corpus, que este ano correspondeu á cidade de Betanzos a través do seu alcalde, D. Ramón García Vázquez, quen como Delegado Rexio realizou a dita ofrenda no transcurso dunha Misa Solemne. A misa foi oficiada polo arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, contou coa presencia de representantes de cada unha das provincias do Antigo Reino de Galicia, como vén sendo habitual desde o ano 1669 en que se realiza. O alcalde estuvo acompañado por numerosos betanceiros.

Ofrenda que fai o alcalde da moi nobre sempre leal e real cidade de Betanzos dos Cabaleiros como delegado do antigo reino de Galicia no domingo da oitava da solemnidade do Corpus Christi na igrexa catedral de Lugo o presente ano de dous mil dezaoito

Retorno hoxe aquí, a esta marabillosa catedral de Lugo, en delegación do Antigo Reino de Galicia, para facer presente, unha vez máis, esta fermosa tradición, que simboliza, entre outras cousas, que os galegos e as galegas podemos camiñar xuntos como pobo cara ao futuro, mais sempre coa bandeira da fraternidade, cara a nós mesmos e cara aos demais.

Quero comezar facendo un voto pola convivencia, no desexo de que todos xuntos construamos unha sociedade cada día máis aberta, culta, más tolerante, más cívica.

Vivimos un momento clave no que a sociedade debe adaptarse aos novos tempos, ás novas formas de relación, ás novas realidades e situacións. Asumimos ese reto e facémolo como sempre o fixemos os galegos, con decisión e determinación, convencidos de que podemos salvar ás dificultades, resolver os problemas, seguir crecendo, e facendo unha Galicia mellor onde todos e todas poidamos vivir con respecto mutuo, sen perder os dereitos que con xustiza nos pertenecen como persoas.

Poque estou convencido de que a sociedade que anhelamos, a Galicia que queremos, a que perseguimos, só é posible dende a liberdade, a tolerancia, e o esforzo común.

Son estas cualidades as que fixeron posible o noso pobo, e son estes mesmos valores sobre os que poderemos avanzar con seguridade cara ao futuro.

Betanzos, en nome das antigas cidades do reino de Galicia, solicita, señor, a vosa intercesión para superar os retos que acompañan os momentos difíciles que vivimos a novel xeral. Como sociedade valente e emprendedora, que non se resigna pasivamente a esperar o fin dos problemas senón que quere ser parte da súa solución, invocamos a túa protección para que nos audes e nos deas a enerxía necesaria para loitar unidos por un futuro máis próspero, un mañá mellor.



Todo isto, señor, prégavolo unha Galicia que é consciente de que é o momento de emprender unha tarefa común que a todos nos afecta, unha reconstrucción económica e social, un novo modelo que amplíe as oortunidades de progreso de toda a cidadanía. Temos moito traballo por diante e precisamos de todos para facelo.

Neste proceso, sentimos que é imprescindible contar coa participación da xuventude, porque non podemos resignarnos a considerar os nosos mozos e mozas como unha xeración perdida, xusto ao contrario, queremos fazer deles verdadeiros protagonistas do futuro e non desistir no empeño de que acheguen o seu ímpeto e a súa fortaleza nesa viaxe cara a unha nova sociedade que agora emprendemos. Nestas tarefas pedimos que nos axudes, para que os nosos mozos en vez de camiñar de novo cara a migración milenaria, volvan a ter traballo en Galicia. Axúdanos tamén para que a pobreza, que é unha triste realidade en moitas familias galegas, quede borrada do noso mapa social.

Non me esquezo dos maiores, os doentes... a todos eles protéxeos como sempre fixeches ao igual que os emigrantes da nosa terra que miran hoxe con nostalxia cara a Galicia.

Os galegos e as galegas poboamos sucesivamente boa parte da Península Ibérica, das illas británicas, do occidente da Europa continental, ademais de América e outras latitudes. Sabemos adaptarnos con humildade e con traballo a todo tipo de circunstancias e coñecemos ben o que significa ser emigrante. E debe ser por iso polo que somos un dos pobos máis hospitalarios do mundo, como o recoñece o Codex Calixtinus cando fala do Camiño de Santiago, un camiño de peregrinación, por certo, herdeiros doutros más antigos e que nos converte en meta e centro de Europa e do mundo, a pesar de situarnos nun finisterre xeográfico. Mimar este Camiño polo que é e polo que significa, máis aló das crenzas íntimas de cada quien, debe ser un dos obxectivos de calquera galego, pero sempre coa visión ampla de que este camiño articula espiritualmente Europa e, en certo modo, o mundo enteiro.

Pídolle, Señor, que nos axudes neste traxecto, que non deixes que o medo ó futuro nos atenace, e que fagas de nós un exemplo de ilusión e de esperanza no porvir. Que o espírito deste día de festa e de ledicia, no que proclamamos a nosa unidade e a nosa fraternidade universal, non esmoreza nunca. Que a esperanza estea sempre en nós.



11 de xuño de 2018

Coa entrega de diplomas rematou a Campaña de Educación Vial impartida polo concello a través da delegación de Tráfico para máis de trecentos alumnos de primaria do colexió Francisco Vales Villamarín.

16-19 de xuño de 2018

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición «XX aniversario da AAVV O Norte».

Xuño de 2018

A moza brigantina, Julia Nieto Mantiñán, estudiante do IES Francisco Aguiar, foi a gañadora, en categoría xuvenil, do concurso de relatos *Inspiraciencia*, organizado polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas y la Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología.



17 de xuño de 2018

Celebrouse o XXI Encontro de Bandas de Música coa participación da Banda de Música de Santiago de Arteixo e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

Xuño, xullo, agosto de 2018

Ao longo destes meses veuse celebrando o programa de paseos polo río ata Os Caneiros na lancha Diana Cazadora.

20 de xuño de 2018

Deuse a coñecer o ganador do concurso para o logo da celebración do 800 aniversario da cidade de Betanzos dotado cun premio de 3.000 euros, que recaeu no diseñador gráfico, Alberto García.



26 de xuño-12 de xullo

No edificio Liceo tivo lugar a exposición fotográfica «Sorrisos transformadores», co fin da visibilización, sensibilización e naturalización do colectivo trans dentro das actividades do Día da Diversidade. Foi organizada polo Concello, Deputación de Pontevedra, Asociación de Familias de Menores Trans de Galicia (ARE-LAS).



27 de xuño de 2018

Tivo lugar a clausura do obradoiro de emprego promovido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se deu formación a 20 persoas en dúas especialidades, e no que participaron, ademais de Betanzos, os concellos de Abegondo, Carral, Coirós e Paderne.

28 de xuño-16 de xullo

Na Sala de Exposiciones Jesús Núñez do edificio tivo lugar a exposición fotográfica da betanceira María Selgas Pérez titulada «Asfixia».

30 de xuño de 2018

Celebrouse no Campo da Feira o evento «Música Local 15300 BTZ», no que participaron oito bandas locais: «Radio Infame», «Stacy Karre Limbos», «Rojo Sugar», «Still Broken», «Bebidos Espirituosos», «Keko», «Dr. Garimba» e «Punk-Tojas».

1 de xullo de 2018

Foron máis de catrocentos nenos os que participaron na V MiniBtt organizada polo club Caimanes de Betanzos no entorno do Pasatempo.

Xullo-setembro de 2018

Ao longo destes meses leváronse a cabo as actividades do programa «Verán para todos en Betanzos», organizadas polo Concello en colaboración coa Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Abanca e Gadis. Estiveron compostas de campamentos, obradoiros, cursos, actividades deportivas, musicais turísticas e culturais.

4 e 5 de xullo de 2018

Na Igrexa de Santo Domingo, dentro dos actos culturais previos da XXI Feira Franca Medieval, tiveron lugar os concertos de música antiga por conta dos grupos Canta Compañía e La Xácarra.



6-8 de xullo de 2018

Celebrouse a XXI edición da Feira Franca Medieval, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, torneo medieval... A Feira deu comezo coa lectura do pregón por conta do actor mugardés e alma mater da Feira Medieval desde os seus inicios, Manuel Basoa.

Pregón da XX Feira Franca Medieval

Pregón Feira Medieval

Sr. Pérez de Andrade, Sr. Corredor, membros do Consistorio, Sr. Obispo, Cabaleiros, Belidas Damas, Betanceiras, Betanceiros, Xentes de toda Galicia e mesmo de España, que estades aquí para visitar a famosa Feira Medieval da fermosa Cidade de Betanzos.

Hoxe teño a honra de dirixirme a todos vostedes para pregoar as maravillas da Cidade de Betanzos e así mesmo falar un pouco dos Betanceiros e Betanceiras, que levan con eles unha historia extraordinaria, estas xentes que son traballadores, loitadores, valentes, trouleiros e emprendedores.

Traballadores, pois xa cando os exércitos romanos chegaron a Brigantia xa tiñan as plantacións de viño, e como di a canción, chícharos, patacas novas, repolo de Betanzos e máis cebolas, así mesmo, mariñeiros e pescadores.

Loitadores, pois no ano 783 comandados polos irmáns Fígueroa pelejaron contra dos mouros que enviados por Abb-el-Rahaman, querían levar seis doncelas, tres nobres e tres plebeias, para o harén de Córdoba, e aquí deron morte a Yusuff Hamar que comandaba as tropas musulmanas. No ano 884, os normandos comandados por Horrich quemaron e saquearon a Cidade de Betanzos, pero foron repelidos por un exército formado por nativos da Cidade. O Rei Alfonso VIII de Castela, cunha licencia do ano 1212, concedeu a Betanzos o título de Vila, acolléndo baixo a protección real. No ano 1219, por Real Cédula de Alfonso IX, Rei de León, Betanzos é trasladado o Castro de Untia. No ano 1255, reinando Alfonso X, A Coruña acada favor Eal para descarga de sal, que ata entón era no porto de Betanzos. No ano 1350, o Rei Alfonso XI, otorgou privilexios a liberdade de tributos os productos do campo e pesca, diezmo de viño e pescado, premiando os servicios de armas, prestados polo pobo de Betanzos na Batalla de Tarifa. No ano 1416, a Vila de Betanzos, fixo un voto ó seu Patrón San Roque, fundando a Confraría do seu nome e tentando de construir unha capela na súa honra. No ano 1465, o Rei Enrique IV, concedeu o título de Cidade e son colocados na Porta da Vila, tres escudos, un de Castelos e Lións, que son as armas reais, outro do Reino de Galicia, que leva cinco copóns e o terceiro de Betanzos, de Torre con Coroa mesmo seis roeles, tres a cada lado, enriba dunha ponte e dun río, baixo a inscrición «ESTA CIBDAD ES DE LAS DEL REY». Os veciños tiñan o privilexio de mercar dereitos libres, e cada nao, dez varas de pano fino, reparto de cen mollos de sal dos seus alfolíes, a venda de viño na Coruña e liberdade portuaria no peirao de Betanzos. No ano 1490, os Reis Católicos confirman o título de Cidade e son restauradas as murallas que circundan a Cidade e dan a capitalidade dunha das sete provincias do Reino de Galicia. No ano 1569, reinando Felipe II, un incendio arrasou a maior parte do núcleo urbán, e os adegueiros trataron de apágalo lume co viño dos seus bocois. No ano 1591 o Rei Felipe II promulgou as ordenanzas municipais. NO ano 1623, no reinado de Felipe IV, Galicia é restituída do seu derecho a Voto en Cortes, sendo o seu primeiro procurador o betanceiro Antonio de Castro e Andrade, nomeado Cortina de Cámara da súa Maxestade, segundo consta na súa tumba no mosteiro de San Francisco.



Arume



Arume

Valentes, pois no Reinado de Felipe V, ano de 1734, créase o Reximento de Betanzos que prestou servicios á Patria e destacou na liberación da Cidade de León, o 12 de xuño de 1810 entre outras loitas. No ano de 1841, desaparece este bizarro reximento reinando Isabel II a quen se lle debe a nova organización territorial, que anula a Provincia de Betanzos en 1834.

Trouleiros, pois as Festas do San Roque, famosas en toda Galicia, Os Caneiros e tantas outras que son orgullo da cidade de Betanzos.

Emprendedores, pois hai moitos Betanceiros que emigraron ás Américas creando Centros de Cultura, traballo, negocios e axudas a tódalas xentes que emigraban a busca de progreso, así mesmo despois da nosa guerra foron a Inglaterra, onde aínda residen moitos Betanceiros, e nos anos 60, 70 e 80 a emigración foi para Alemaña, Francia, Suiza e outros países de Europa. Moitos crearon escolas e vivendas para os veciños, parques, salóns de baile, cine e fixeron da Cidade unha das máis fermosas de Galicia.

Ben, hoxe para rematar a miña parolada e despois de pasar vinte anos confesando ás mulleres na Feira Medieval, despois das cinco da mañá, naturalmente, vou confesarvos que non teño inconvinte en confesar tamén ós homes, pero para iso teño que pedirvos unha cousa e que espero me contestedes. Por iso pregunto. ¡BETANCEIROS QUE QUEREDES!

¡QUE SUBA O PAN E QUE BAIXE A CAÑA!

13-15 de xullo de 2018

Dentro do programa de actuacións do VII Festival BetanJazz, organizado polo Concello, celebráronse na praza da Constitución concertos dos grupos: Diego Negro & The Barefoot Zen Wondererds, Azougue e Black.

17 de xullo-2 de agosto

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición colectiva titulada «Paseo atlántico», do Grup Raima Valencia.



Arume

18 de xullo-28 de agosto de 2018

Ao longo destes días as rúas de Betanzos acollerón as obras participantes na XVI Bienal Balconadas, organizada polo Concello. O primeiro premio foi para o artista valenciana, Tania Ansio Martínez coa obra titulada «Espacios múltiples». Os accésits foron para Lucía López Sánchez e para Raúl Gil.

20 de xullo de 2018

No Pleno deste día renunciou o ata o de agora alcalde, Ramón García Vázquez.

21 de xullo de 2018

Celebrouse na Praza dos Irmáns García Naveira o «XXII Festival de Folclore Día de Galicia» organizado polo Concello. Participaron: Grupo La Encina (Olivenza-Badajoz), Obradoiro de Cultura tradicional Ultreia (Santiago de Compostela) e Grupo Azougue (da EMuF de Betanzos).



26-28 de xullo de 2018

Desenrolouse ao longo destes días no Cine Alfonsetti a XVII Semana Internacional do Cine de Betanzos, organizada polo Concello de Betanzos, e dedicada nesta edición ao actor ferrolán Javier Gutiérrez baixo o título «Animal cinematográfico».



27-28 de xullo de 2018

Desenrolouse ao longo destes días o III Festival de Artes Escénicas na Rúa «Vai de rúa», organizado polo concello coa colaboración da Deputación da Coruña. Participaron nesta edición as compañías: Pistacatiro, Entremans, Exire, Sue Moreno, Cía IO, Caxoto, o grupo Pablo Díaz, ademais do grupo The Revival Stompers, Soledad Felloza e o Mago Rafa.



Concello e destinada a difundir e inculcar os valores tradicionais da romaría.

6-31 de agosto de 2018

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición titulada «Cartelismo no San Roque» realizada polo Arquivo Municipal de Betanzos e que recolleu carteis de festa desde 1880, así como fotos da evolución das festas ao longo dos anos.



Aruna

Sandra Sánchez Gómez. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo do maxistrado betanceiro Antonio Fraga Mandián. Este acto representou o comezo oficial das festas.

28 de xullo de 2018

No Paseo da Tolerancia tivo lugar a Noite de Djs coa actuación do Dj Sebas e participantes no obradoiro de Dj organizado pola OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil).

Agosto de 2018

Dentro do Plan Provincial de Obras levaronse a cabo os traballos de mellora da rúa da Cerca así como das redes de abastecemento e saneamento.

4 de agosto de 2018

Celebrouse a xornada «Caneiros en familia», organizada polo

6 de agosto de 2018

Na sesión plenaria deste día foi investida alcaldesa Dª. María Barral Varela despois de que presentara a súa dimisión D. José Ramón García Vázquez por motivos de saúde.

Pablo Beade Pérez entrou a formar parte da Corporación municipal en sustitución da acta do exalcalde, Ramón García, asumindo as tarefas de Turismo, Xuventude, Promoción económica e Protocolo dentro do equipo de goberno.

13 de agosto de 2018

Na igrexa de Santiago celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música do Concello de Betanzos.

14 de agosto de 2018

Na praza da Constitución a alcaldesa María Barral, corou á raíña das festas, a moza brigantina



Arume



Arume

Pregón das Festas de San Roque

En primer lugar, no quiero desaprovechar esta ocasión para en público dar la enhorabuena a la nueva alcaldesa que ante esta nueva singladura y haciendo acopio de grandes dosis de trabajo e ilusión habrá de conseguir éxitos que no sólo serán personales, sino que han de redundar en beneficio de todos nosotros. Y en esta tarea no hemos de dejarla sola sino que sus conciudadanos y particularmente los grupos políticos que representan las distintas opiniones y creencias de los betanceiros, han de apartar sus diferencias en pos de un propósito común e irrenunciable cual es el bienestar de los vecinos de esta ciudad, objetivo que tendrá muchas variantes que habrá que consensuar y modular, pero que en último término han de estar respaldadas por todos o por amplias mayorías. Decía Lyndon Johnson (presidente de los EEUU) que «No hay problema que no podamos resolver juntos y muy pocos que podamos resolver por nosotros mismos».

A continuación, como es obligado, no puedo sino mostrar mi sincera gratitud por la deferencia que se ha tenido conmigo al confiarne la labor del pregón, tarea que asumo gustoso, pues es un placer,



máxime para un betanceiro, poder anunciar la celebración de estas fiestas e incitar a nuestros vecinos y a los visitantes a participar en ellas; pero como paso previo es forzoso exaltar y descubrir, para aquellos que no lo conozcan ya, el porqué de acercarse a esta tierra o, por qué no, las prerrogativas y beneficios, casi terapéuticos diría yo, de residir en Betanzos.

He de confesar que la tarea ha sido ardua, sobre todo porque no se trata de una alocución a un grupo de personas con un perfil homogéneo, tal y como acontece en una conferencia o ponencia al uso, sino que me encuentro ante un público muy heterogéneo.

Ya les avanza que orillaré las referencias a la historia de esta ciudad, dado que personas de mucha mayor erudición en la materia y, por lo tanto, más versadas en esta disciplina, son mejores instrumentos para dar cuenta del grandioso y apasionante tiempo pretérito de la urbe. Y par una información básica al respecto basta consultar la wikipedia. Yo quiero hablarles de otras cosas.

De este modo, en esta ocasión única, y dado el tiempo limitado del que dispongo, me ocuparé de «sintetizar sensaciones» mis sensaciones, la percepción que tengo de esta ciudad tras nacer y vivir prácticamente toda mi vida en ella (salvo cuando por razones profesionales me he tenido que ausentar) el sentimiento de pertenencia a esta comunidad. Y en este empeño realizaré un breve y emotivo viaje al pasado, a mi pasado, y acto seguido una prospección del Betanzos que ansío para el futuro. El bagaje con el que cuento es de dos tercios de una «viviendo Betanzos», «respirando Betanzos», lo que me permite poder echar, con toda la humildad y modestia de la que soy capaz, una mirada atrás y otra hacia delante, desde un punto de equilibrio a medio camino entre la experiencia de lo que aconteció y la ilusión por lo que está por llegar. Y en esta dicotomía entre pasado y futuro desarrollaré este pregón.

PRIMERA PARTE: PASADO

Lo que relataré es seguramente trasladable, con accidentales diferencias, a muchos de los que me escuchan. He nacido en la C/ de La Ribera y en pocos meses nos trasladamos a la C/ Cervantes, ignoro si sigue con la misma denominación, es la calle empinada situada al lado del mercado, o de la «Pescadería» como conocemos el edificio (bueno esto no es muy identificativo toda vez que la acusada pendiente



es una característica de muchas calles de nuestra ciudad). Ha sido en aquellas calles y en sus alrededores donde se acumulan y arremolinan en mi cerebro las vivencias de mi niñez, mi adolescencia y mi juventud, repito, como la de muchos otros, donde he disfrutado de la vida, donde he sido feliz y con casi nada, no necesitábamos mucho para reírnos. Con pocos años pululaba por «mi atrio» de Santa María, me acercaba a la bodega de Pepe Lastras a comprar un trozo de queso del país y vino a granel (por cierto, el conocido como «calciamón» se decía que resucitaba a un muerto, más eficaz que un desfibrilador) jugábamos a las chapas (lo podría describir como una especie de scalextric ancestral) a las bolas (las más modestas de barro, las buenas de cristal y las más cotizadas las de trébol) a la villa, al cinturón, a los carabineros, al ojo, pico araña (actividades que hoy serían calificadas de alto riesgo y prohibidas) descendíamos por las cuestas en una especie de artílugo velocísimo construido en madera que llamábamos «avioneta» y eso sí, siempre, siempre, el fútbol, le denominábamos «jugar a defensas». Las escasas dimensiones del atrio hacían necesario el pase y golpeo del balón con una precisión milimétrica, pues de lo contrario escapaba por las cuestas o se perdía en la «huerta de los frailes» que así conocíamos al espacio aledaño a la Iglesia y Convento de San Francisco, habitado en aquellos tiempos por monjes de esta orden. Esa pulcritud y exactitud en el pase era ya un antílope de lo que hoy dan en llamar el «tiki-taka». Y llegada la noche escuchaba la voz en grito de Isabel, mi madre, mi luz, que desde aproximadamente 100 metros me requería reiteradamente para ir a cenar, (¡Tito a cenar!, hipocorístico por el que me conocen en esta ciudad) ante lo que me resistía hasta lo imposible. Vivíamos la calle, «socializábamos», como pomposamente se dice ahora, a diferencia de hoy en que los niños pasan gran parte de las horas del día «enclaustrados» en consolas, tabletas, móviles y televisiones, incluso contemplas como los jóvenes deambulan por la calle con la vista centrada en su inseparable teléfono, que es a modo de un apéndice inescindible del cuerpo de su dueño y abstraídos de la realidad que les circunda, lo que, por cierto, es especialmente arriesgado en los pasos de cebra a los que no es que accedan sin más, sino que se arrojan.

El juego y la diversión no impedían nuestra instrucción en la Academia de Dª Rosita, de D. Hipólito, en las escuelas de San Francisco, en las pasantías particulares de D. Constantino y Dª Olguita Ucha, a quien tanto apreciaba, en las clases de mecanografía, taquigrafía o contabilidad de «Las Princesitas» y todo en estas calles, entre estas piedras.

El casco viejo era bullicioso, fluía la vida, un ir y venir de personas al mercado de abastos (edificio emblemático sobre el que pivotaba la actividad) que aglutinaba carnicerías (a da Sra. Luisa, fornida mujer coronada por un moño, y su hija Luisiña, Marujita Lastras, A Salvador, A Carabinera, con sus codiciados chorizos, A Lurditas, que también regentaba una panadería, o Ton o Cuchilleiro) y pescaderías de Betanzos (*Las Pilaritas*) o venidas de Sada, que desde primeras horas de la mañana publicitaban a gritos las exceleencias de sus productos por frescura y tamaño, a los ultramarinos (de Xulio o do Carbón, O Milimes...) a las tiendas de alimentación (de Tomasa A Barrendeira, A Pura, A Rubia, o José O Bonome, además mecenas del fútbol infantil) a las fruterías (A Delia, A Carmen ou A Fina) a las tiendas de ropa, tintorerías, mercerías (La Tijera de Oro, Mercería Galicia o la Palma) talleres de costura donde las jóvenes aprendían el oficio y a tricotar (*O Balamei*) a las farmacias de toda la vida (Couceiro, Espiñeira o de Agustín Leis), librerías (Lugami, Iglesias o Brea), bodegas (Tomás o do Galo o Eladio) ferreterías (La Nueva, La Vieja, la de la Cabeza del Caballo, José Luis el del Butano o Eusebio O Tenreiro), zapaterías (Pepe el Granero, Brandaniz o Agraso), mueblerías, funerarias, peluquerías, barberías (Burei, Cesáreo, Vales, Churrasco o Raúl) floristerías, joyerías, jugueterías, pastelerías (A Mariñeira, con sus estupendas trufas) ópticas (Selgas), panaderías (Villaverde, con sus cornechos y palitos, Pandelo, Carnasada, Priseliño o Rabizas) o fotógrafos (Novío, Gabín o Delgado, nuestro incombustible reportero gráfico, cuya familia tenía también carnicería en el mercado, según creo recordar). En la planta superior del mercado de abastos estaba situado un «super», ya en los años sesenta, con sus pasillos, sus cajeras uniformadas y que anuncia el nuevo devenir del comercio, a modo de vanguardia importada de los EEUU, como vanguardia era en aquel entonces la apertura de Galerías Deive con sus immensos escaparates y todo un edificio dedicado a la última moda. Y ya en las inmediaciones de los límites del casco, en la plaza de El Campo (conocida como de Hermanos García Naveira) restaurantes como el de Pepe Casanova (ejemplo de bonhomías, como lo eran también Paco el Sastre, en Os Prateiros, Gabriel Maifer o el médico pediatra Gabriel, que tanto bien ha hecho en esta ciudad y de la saga de Os Cuquitos, a la que me honro pertenecer) La Cueva,

cafeterías como El Chirri o la Barra (todas ellas en los bajos del edificio Liceo) o las clásicas de Avenida y Capitol, más pastelerías (Rábade y Carmiña Añón) ferreterías (El Martillo), churrerías, quioscos (La América) la Sala de Fiestas La Pista, con su franqueable portero y bancos, muchos bancos, claro síntoma de la opulencia económica de la ciudad. En fin, podría referir sin descanso decenas de establecimientos, bien por sus nombres comerciales, bien por los moteos de las personas o familias que los llevaban, y aun así no sería comparable al conocimiento que poseía mi padre sobre los habitantes de Betanzos, sus familias y sus orígenes.

Las iglesias abiertas de par en par, pero también las puertas de las casas, ¿os imagináis hoy tal proceder cuando las estadísticas recogen en Galicia diez robos diarios?.

Tiempo después, con el paso de los años, las pandillas de juventud, el despertar de la adolescencia, mi novia, María, trabajadora incansable, también de Betanzos y desde hace la maravillosa cifra de 29 años, esposa (espero por mi bien no equivocarme de año...)

Pertenezco a las generaciones del *baby boom* donde no se programaban los hijos y se podía ser feliz con lo indispensable. Días atrás leía una entrevista a un famoso cirujano valenciano que contaba como cuando su trabajo se lo permitía viajaba al África subsahariana para realizar intervenciones, ayudando en todo aquello que podía, y que tales experiencias en contraste con el modo de vida del primer mundo le había mostrado como en éste nos ocupábamos polemizando hasta extremos inauditos, sino ridículos, para optar entre la memeza A o la B (a buen seguro que no les cuesta imaginar muchos ejemplos, algunos de viva actualidad) sin reparar en las cosas verdaderamente importantes. Así, al tiempo en que en aquellas tierras escasea el agua, los alimentos básicos o los medicamentos, aquí nos enzarzamos en el ilustrativo debate de si el piropo debe ser elevado a la categoría de delito leve. No obstante, y mientras tal propósito no cristalice en una ley, todavía estoy a tiempo de decir a estas jóvenes damas y reina que estáis radiantes.

Y no quiero dejar de mencionar mi río, mi malecón, mis Caneiros lugares que guardan confidencias, alegrías y penas. ¡Ay los Caneiros! En ocasiones comenté con mis amigos el privilegio que supone ponerse a andar, a ritmo de paseo, que no es colesterol, desde la fuente de La Diana Cazadora durante veinticinco minutos y encontrarse en pleno campo de Os Caneiros, en un ambiente bucólico, en el que parece haberse detenido el tiempo, alejados del ruido y en pleno contacto con la naturaleza con el frescor que fluye del río. ¿Habéis reparado en esto?, ¿sabéis cuánto darían en otros lugares por este tesoro? Bueno, y si el tránsito es en barca ni osuento, el verdor que se refleja en las aguas, el surcar los sucesivos meandros, el ligero viento que alivia el asfixiante calor de la canícula.

Y qué decir de aquellas regatas de bueltas de madera (Adelita, Marinita, Margarita...) que con cuatro remeros curtidos y timonel astuto aderezaban las fiestas patronales; o la vida del malecón en los días previos a la romería de Os Caneiros cuando se varaban los botes y lanchas de madera para repararlas y adecentarlas para el evento. Son personas, lugares y vivencias que jalonaron una parte de mi existencia y la de muchos de los presentes.

El pasado, aunque lo parezca, no era en blanco y negro, también era en color.

Todas estas experiencias forjan la personalidad, una manera de entender la vida, de afrontarla, de disfrutarla, conforman el ser betanceiro, y de ello nada malo puede salir. Este sello o impronta del brigantino no es una mera licencia lingüística, sino que está avalado científicamente, y para ello baste recordar que un renombrado genetista gallego defiende que Galicia tiene una enorme y variada subestructura genética que se detecta hasta niveles de 20 Km de distancia, lo que viene a decir que nos diferenciamos incluso de los habitantes de pueblos y ciudades próximas; no somos ni mejores ni peores, sino que mantenemos ciertas peculiaridades.

En el año 1991 tuve la ventura de obtener destino profesional en La Coruña donde he servido hasta la fecha (ciudad a la que tanto debo y quiero y donde he hecho tan buenos amigos) y por tal circunstancia he podido ganarme la vida sin tener que renunciar a mi familia (toda ella de Betanzos desde generaciones atrás) a mi ciudad, a mis raíces, pasear a diario por ella saludando continuamente a mis vecinos. Estos vecinos que mudan con el inexorable transcurso del tiempo, el entorno permanece con distintos protagonistas. Alguna que otra vez me paro a pensar en los que ya no están, en un paisaje humano cambiante, es el fluir de la existencia. En el banco de piedra de la barbería que estaba situada en el puente viejo, en el atrio de Santa María, o el malecón ya no se sientan los mismos.

Siempre se recuerda la sentencia bíblica de Jesucristo de que «Nadie es profeta en su tierra», pero sin dejar de valorar lo que de verdad encierra, retomo aquella otra visión más positiva y gratificante, la del artista Juan Lobillo que decía «Pinto mi pueblo natal, porque gracias a él tengo la vida que tengo». Un conocido antropólogo mencionaba días atrás que «El paraíso del gallego es donde se socializó, donde tomó noción del tiempo y el espacio, no es el terruño, es lo que viviste en esa tierra». Y esta misma idea ya la transmitió el poeta alemán Rilke cuando escribía: «El paraíso del hombre es la infancia». Pues bien, Betanzos es nuestro paraíso.

Llegados hasta aquí es hora de abandonar la añoranza, la nostalgia y vislumbrar el futuro. En este apartado del pregón me atrevo a esbozar los ejes del porvenir de nuestra ciudad, sus, a mi entender, prioridades.

PARTE SEGUNDA: FUTURO

PRIMER EJE.- El casco histórico.

Si hay algo de singularidad y que individualice a Betanzos son estas calles, sus edificios, sus monumentos, tal y como le ocurre a otros muchos pueblos y ciudades. Extramuros de las zonas antiguas, el desarrollismo, la especulación y la globalización impide distinguir unos lugares de otros. Es innegable que ésta ha sido una zona abandonada precisamente por la huída al extrarradio, favorecida por aquella pauta o estrategia del sector de la construcción que consistía en permutar solares (que no eran sino *leiras*) por pisos y locales comerciales, y ello, con pingües beneficios, casi sonrojantes, tanto para el promotor como para los propietarios de fincas. En nuestra ciudad tenemos claros ejemplos y no es necesario extenderse en este aspecto.

Tras lo que se ha dado en llamar «estallido de la burbuja inmobiliaria» hemos transitado en muy breve tiempo de una especie de «fiebre constructiva» a un «enfriamiento» absoluto. Una de las características de nuestro país es precisamente esto, el movimiento pendular. Esta situación ha llevado que, paradójicamente, y tras diez años de parálisis exista muy poca vivienda nueva en oferta, sobre todo el mercado de alquiler y las rentas vayan en aumento.

Es el momento de hacer realidad aquella archiconocida y también manida frase de Churchill: «Un optimista ve una oportunidad en toda calamidad, un pesimista ve una calamidad en toda oportunidad». Seamos, pues, optimistas. Ha de reactivarse el sector de la construcción en su adecuada medida y volcarse sobre los núcleos urbanos, y más concretamente sobre los cascos históricos mediante una ordenada rehabilitación de los numerosos inmuebles que la requieren. No habrá de esperarse la rentabilidad de antaño, pero si márgenes que hagan atractivo el proyecto, incentivando la autopromoción, flexibilizando la normativa urbanística y recabando la inversión. Es cierto que tenemos muestras recientes de la iniciativa pública en esta materia, pero con la rehabilitación de una decena de casas arreglaremos poca cosa; sin desdeñar aquélla y reclamando que continúe en esa senda como motor de arranque, es menester que la iniciativa privada desembarque con fuerza. Seguramente, habrá que llamar a muchas puertas, incluso a las de grandes corporaciones, desbrozar el camino y publicitar las ventajas, pero saldrá a cuenta. Tenemos ejemplos de ciudad mucho mayores que han iniciado este camino y han obtenido grandes resultados.

Es imprescindible «vender» nuestro producto, el entorno es envidiable, nuestro núcleo urbano, nuestros ríos buscando las playas, nuestra historia, nuestro enclave geográfico cerca de las ciudades y del progreso que éstas traen consigo, disponemos de unas buenas vías de comunicación, aunque mejorables, con un aeropuerto a tiro de piedra, lo tenemos casi todo y hemos de aprovecharlo.

Este objetivo dinamizaría, sin lugar a dudas, nuestra economía, fijaría población y atraería servicios. La siguiente pregunta es: ¿Para quién vamos a rehabilitar? Hemos dejado pasar la oportunidad que tuvimos cuando se produjo un éxodo desde La Coruña a los municipios limítrofes, basta recordar la dimensión que, en no muchos años, han adquirido Arteixo, Oleiros, Cambre o Culleredo, pero todavía no es tarde porque se nos presenta una nueva coyuntura. Precisamente, la práctica paralización del sector de la construcción ha traído consigo la carestía de la vivienda en las ciudades. Hemos de crear las condiciones para que se puedan ofrecer pequeñas viviendas unifamiliares en el centro histórico, la clásica casa con su bajo, su balcón, su galería y su bajocubierta que vemos a diario con una red de protección, sin romper para nada la fisonomía de nuestro casco, y a precios razonables, bien en

alquiler, bien en venta. La situación en pleno núcleo cerca de todos los servicios, tales como farmacias, centro de salud, supermercados, tiendas variadas y sin tener que hacer uso del automóvil es un activo que no puede despreciarse. Además, como efecto dominó, ello arrastraría muchos servicios más, por ejemplo, debiéramos recuperar las salas de cine comerciales, ¿recordáis? Un «cine nuevo» el Capitol, ya desaparecido, y un «cine viejo», el Alfonsetti, tan viejo que llegó a ser la sala de cine más antigua de España.

La construcción, ya fuera del casco, pero cerca de él, de una urbanización de casas de planta baja desde el Parque del Pasatiempo hasta el puerto, parque municipal en medio, y bordeando el río Mendo, cuyas márgenes hay que adecentar, sería otro claro elemento de convicción para residir en Betanzos. Se trataría de alcanzar una cifra de habitantes que rondase los 30.000, al menos en una primera fase. Y no se trata de propiciar un aluvión de personas, lo que sería muy difícil de digerir, sino de una incorporación progresiva y ordenada. Recordemos que uno de los beneficios de poblaciones como la nuestra es que no estamos solos, conocemos a una gran parte de nuestros vecinos y a sus familias, a diferencia de las ciudades de cientos de miles y millones de habitantes en las que la soledad reina, sobre todo entre los mayores. Y al respecto de estos últimos, es apremiante disponer de un centro de día, que además tendría una óptima ubicación en la parte nueva del convento de San Francisco, previo concierto con la propiedad.

El incremento general de actividad trae otro favorable efecto, que es poner coto al desarraigo. Es estremecedor constatar como nuestros jóvenes, tras años de formación y sacrificio, han de abandonar estas tierras, cuando no el país, para buscar oportunidades. Es, por otra parte, una frustración personal de aquellos que, aconsejados por sus mayores acerca de que el estudio y el trabajo siempre tienen recompensa, se ven abocados a hacer el equipaje; no podemos, no debemos, dejarlos marchar, hemos de brindarles futuro cerca de sus familias, que, además, también se han dejado la piel en el reto, y, por otra parte, porque además el propio Estado ha invertido mucho en su capacitación y no puede claudicar ante la sangría continua que supone la fuga de talento para beneficio de otros. Tengo la fortuna de que, al igual que yo, mis hermanos han conseguido mantenerse en nuestra tierra, y deseo lo mismo para mis hijos y para los vuestros, si quieren, claro está, pues sabido es que el gallego es alma viajera. El desarraigo y la desafección de hijos y nietos no se cura con Skipe.

Llenar de vida nuestras calles, que languidecen, es el fin primordial.

Y para ello advierto también otra circunstancia beneficiosa, la cercanía de la Universidad de La Coruña y la población flotante que atrae. Si la vivienda en aquella ciudad se ha encarecido, esto es especialmente preocupante para los estudiantes. En prensa reciente se demandaban opiniones de éstos en las que llegaban a calificar de odisea el buscar vivienda. Si logramos ofrecer a los estudiantes viviendas en el casco con rentas asequibles y además, como elemento indispensable, conseguimos que se puedan desplazar a la ciudad universitaria en diez minutos habremos puesto en marcha la máquina de nuestra revitalización y el rejuvenecimiento de la urbe. Para esto último es fundamental el TREN, aspecto al que me referiré a renglón seguido.

SEGUNDO EJE.- El tren.

El tren es un medio de locomoción que ha sido desperdiciado en los últimos cincuenta años, cuando para las medias y pequeñas distancias es el elemento ideal. Tenemos una estación abandonada y una vía obsoleta. Es el momento de recuperar el tren. Existen ya movimientos de la sociedad civil al respecto que se dejan oír cada vez más. Y es que sin demasiada inversión y con la técnica existente es factible conectar La Coruña y Betanzos en menos tiempo que el que se emplea en desplazarse dentro de esa ciudad. Llegar en diez minutos desde Betanzos-Ciudad al campus universitario (en el que ya hay una parada) o a la propia estación de San Cristóbal está muy fácilmente al alcance a poco que se quiera. Y lo mismo puede decirse de la comunicación con Ferrol. Estar a medio camino entre ambas ciudades es una ventaja que no podemos ignorar.

Y precisamente por esta ubicación ¿por qué no complementar los campus universitarios de ambas capitales? Vemos continuamente como jóvenes preparados se quedan, por las inaccesibles notas de corte, a las puertas para acceder a su vocación en carreras universitarias con enorme demanda y de las que la sociedad tiene una necesidad acuciante. Estoy considerando las vinculadas al sector sanitario, con una carencia cada vez mayor de personal (estos días se alertaba de la falta de pediatras) agravada

por una sociedad cada vez irremediablemente más envejecida. Las facultades y escuelas existentes son claramente insuficientes. Pues bien, Betanzos, entre los campus de La Coruña y Ferrol y bien comunicado, tiene un gran potencial para poder albergar alguna facultad o escuela, sea de iniciativa pública o privada. El Ayuntamiento dispone de edificios que podrían albergarlos y que están en desuso o infrautilizados.

En este apartado, e incluso en otros, como el aludido de la rehabilitación del casco, no está de más llamar la atención de una de las corporaciones más importantes del mundo (Grupo Inditex) y que tenemos al lado. Desde esta atalaya, permítanme la osadía, emplazo y ánimo al Sr. Ortega para que nos acompañe en el apasionante viaje de rehabilitación del casco histórico, fórmulas legales hay variadas para ello. No es el ingente patrimonio el que hace trascender a los hombres, sino el uso que han hecho del mismo. ¿Quién recordaría los Hermanos García Naveira por muchos doblones que atesoraran si no hubieran erigido las escuelas, el asilo o el pasatiempo?

Las grandes metas nunca son fáciles, hay que poner laboriosidad y esperanza y deshacer los nudillos en muchas puertas, echando mano también de los banceiros que han tenido o tienen puestos de responsabilidad. No es tiempo de enfrentamientos, sino de unión tras unos objetivos claros, una vez que definamos qué queremos ser, a donde queremos ir.

TERCER EJE.- Los ríos.

En este punto sólo expondré tres deseos: 1º Control y erradicación absoluta y sin paliativos de los vertidos, el fin ineludible es «vertidos cero». No nos sirve la excusa de «contamino, pero pago». 2º Es inapazable comenzar a ejecutar la senda peatonal a Os Caneiros, ciertamente sin alterar el entorno más que lo indispensable, pero ya; y 3º Hay que facilitar la navegación entre Betanzos y la desembocadura de la ría un canal de 40 metros de anchura, debidamente dragado, señalizado y conservado y un puerto deportivo con oferta hostlera. La navegación desde la bocana de la ría (Sada, Ares, Miño...) hasta el puente de Teixeiro es difícilmente igualable.

Tenemos la intransferible obligación de dejar un lugar mejor que el que recibimos y en tal fin hay que afanarse con imaginación y esfuerzo.

Las fiestas patronales son un tiempo inmejorable de mostrar en casi dos semanas lo que somos, nuestra ciudad, sus rincones, su habitat, la afabilidad y hospitalidad de nuestras gentes, de hacer llegar al que se acerca que visitarnos o vivir aquí merece la pena. Para ello cada año hemos de lucir nuestras mejores galas, dar el máximo de nosotros mismos, al modo que lo hacemos con los familiares y amigos que nos visitan y a los que agasajamos con la mejor mantelería y cubertería, las mejores viandas y el mejor semblante. Y esta misión es la que desempeñan hoy aquí estos jóvenes que irradian y contagian alegría e ilusión, encarnan el rostro de nuestra ciudad.

Hemos de reconocer que actos como el que celebramos no son del agrado de todos, mas nada de prohibir; la intolerancia y el odio, en ésta y en otras materias, son las semillas de la opresión. Si ante estas actitudes nos ponemos de perfil y permanecemos inermes y arrinconados, nos habremos de ver, tenedlo por seguro, en situaciones como las que sufren nuestros compatriotas del Este del país. Hay paralelismos muy preocupantes, pero todavía estamos a tiempo de evitarlo.

Por favor, visítennos y no vengan sólo por la tortilla, que también, sino que tenemos muchas otras cosas que ofrecerles.

Vivid las fiestas, pero con mesura, los excesos te hacen sufrir no disfrutar, y, por favor, para los niños y jóvenes, escuchad a vuestros mayores. Ya lo decía el jurista Cicerón «Estos son malos tiempos. Los hijos han dejado de obedecer a sus padres y todo el mundo escribe libros».

He sido feliz en Betanzos y espero seguir siéndolo hasta que Dios lo disponga, y tal quisiera para todos los que tenéis la regalía de residir aquí.

Esta radiografía del pasado y de anhelos de futuro no pretende ser una lección de vida, Dios me libre, solo una visión personal y humilde llena de buenas intenciones.

Con «Su venia» finalizo, pues ya se sabe que «Abogado, juez y doctor, cuanto más lejos, mejor». Y como no hay deber más necesario que el de dar las gracias, ¡sea pues!, mil gracias por escucharme, por su paciencia, salud y suerte.



Arume

14 de agosto de 2018

Fíxose entrega dos premios Garelos 2018. Foron foron para Luis Galán no apartado de Cultura; Mónica Granero en Deporte; Funeraria y Muebles Mariano en Innovación e Industria e houbo ademais un Garelo Especial para Restaurante La Casilla.

15 de agosto de 2018

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Zaira Bascocay Raposo, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, María Barral. Seguidamente, o mozo, Mateo Río Pérez, deu lectura ao pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque

É a primeira vez que estou diante de Ti para cumplir co voto que, ano tras ano, século tras século, como patrón de Betanzos que es, o pobo de Betanzos che fai este día. Traio comigo todo o agarimo do meu pobo, as ledicias, os anceios, mais tamén as fondas preocupacións diante dun mundo que non sabemos cara a onde camiña.

Señor, vímos este ano a ti cheos de dor polas dificultades económicas e sociais que seguen a pasar moitos dos homes e mulleres que viven no noso país e dos que noutros lugares pasan continuas dificultades motivadas pola guerra ou pola fame, causadas sempre polo egoísmo ser humano, que non é consciente de que foi irmandado por Deus e pola inxustiza daqueles que ven no outro un exclusivo motivo de explotación ou de simple interese económico.

O ser humano queda reducido a un simple valor de uso como se fose unha mercadoría máis nun mercado agresivo en que a única finalidade é a ganancia. Queremos que nos axudes e nos deas luces para saír desta situación que se nos antolla angustiosa. Hai moitas familias que o están a pasar mal; moitos mozos e mozas que non encontran traballo e non poden facer o seu proxecto de vida, o que os leva a caer na desesperanza; moitas persoas que teñen que emigrar pola fame, polas enfermidades ou pola represión política, que teñen que arriscar a vida e deixar os seus, empurrados pola necesidade; moitas mulleres que sufren mesmo a morte só polo feito de selo; moitas persoas maiores que viven na soildade e na tristura porque a sociedade e as familias non as consideran necesarias; moita xente enferma pola残酷de de quen antepón o seu beneficio ao servizo para os demás.

Señor San Roque, que nos pasa? Se somos irmáns e irmás, é incomprendible que sexamos tan insolidarios e insolidarias, inxustos e inxustas; é incomprendible que poidamos permitir tanta inxustiza ao noso redor. Fixemos un mundo en que as cousas e os cartos ocuparon un posto relevante, en que ter é superior a ser, en que o poder político se someteu ao poder económico e non buscou o ben común, senón, algunas veces, a defensa dos intereses de minorías insolidarias e avarentas.

Señor, é verdade que en moitas ocasións nos esquecemos de Ti, sobre todo cando coidamos que podemos con todo. Porén, sen a túa axuda, non poderemos conquistar as nosas metas. Por iso, pedímosche que nos deas forzas para continuar sendo mulleres e homes xustos e solidarios no goberno das cousas deste mundo. Habería pan para todos e todas se no noso corazón reinase esa fame de xustiza e solidariedade que Ti, San Roque, nos predicaches e amosaches. Non deixes que polo mal obrar humano nos desentendamos das persoas que máis o necesitan.

Señor, estamos angustiado porque nos afectan a cotío problemas que nos parecen irresolubles e de toda índole. Non en tanto, non é menos certo que esa angustia non nos paraliza, senón que nos motiva para traballar máis e máis polo ser humano e polos seus intereses lexítimos. Ademais, sabemos que non estamos sós nin soas, que Ti estás connosco. E aquí, nesta igrexa de San Domingos, estás dun xeito perenne, como queréndonos dicir que nos amas de maneira especial. Cos problemas xerais que viven todos os homes e mulleres, tamén vivimos as persoas galegas e betanceiras, que de sufrir sabemos como ninguén porque ainxustiza que padecemos foi palpable ao longo do tempo. A falta de desenvolvemento económico, a emigración, o analfabetismo e a persecución cultural foron pragas que nos perseguiron

Durante séculos. Hoxe, moitas delas están afastadas, mais outras volven.

Señor San Roque, coida de todas aquelas persoas que marcharon deste país para buscar o pan de cada día e fainos, por iso, máis solidarias e xenerosas coas persoas que viñeron buscar aquí o seu pan, que foron recibidas cando as necesitamos como man de obra barata e que agora parecen ser a causa de todos os males.

Axúdanos, Señor, a estar á altura das necesidades reais de todos aqueles e aquellas que máis o precisan neste momento. Axuda os nosos gobernos para que busquen e atopen as políticas económicas e sociais xustas e solidarias, que devolvan a confianza no seu futuro, futuro que temos que construír dun xeito novo, sen que ninguén quede no camiño e sen sacrificar dereitos sociais que tantos anos e tanto esforzo custou conquistar. A solución non está en quitarlle a quen menos ten, senón nunha xustiza distributiva que reparta mellor os bens materiais e que nos axude a compartirlos coas persoas menos afortunadas, sen perder a perspectiva de que eses bens materiais non son un fin en si propio. Axúdanos a transformar esta sociedade nun mundo mellor tal e como Ti nos predicaches, en que a paz, a solidariedade e a xustiza sexan referentes para superar esta situación. Move tamén os corazóns das persoas que tanto fan sufrir ás demais e axuda a todas aquelas que, desde a paz, están loitando para acabar coa inxustiza e que buscan un mundo mellor.

Como peregrinas da vida, axúdanos a ver con claridade o camiño, ese camiño que, dalgún xeito, nos amosan os peregrinos e as peregrinas que cruzan ano tras ano as nosas terras na procura da luz de Occidente, esa mesma luz que está aquí, entre nós.

Grazas





Arume

16 de agosto de 2018

Profunda tristeza causou no numeroso publico que ateigaba a Praza do Camo ver como rachaba o Globo de San Roque no momento de inflalo. Parece que se debeu a un repentino remuño de vento. Había moitos anos que o aerostato saía con regularidade desde a última vez en 1964 .

17 de agosto de 2018

No edificio Liceo presentouse o libro «O día do Globo» da autoría de Xosé Tomás, que foi editado pola tenda de regalos Quince300.

18 e 25 de agosto de 2018

Como é tradicional foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros, para o que se contou cun amplio dispositivo de seguridade.



20 de agosto de 2018

Dentro do programa de festas do San Roque celebrouse no claustro do Museo das Mariñas un concerto do quinteto Azahar Ensemble, do que forma parte o músico betanceiro Antonio Lagares.



24 de agosto de 2018

Celebrouse no Parque do Pasatempo a primeira romaría modernista organizada pola Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo, que contou coa colaboración do concello. O obxectivo, ademais de revivir unha festa de 1910 organizada polos García Naveira, foi a de reclamar a súa rehabilitación.

28 de agosto de 2018

A alcaldesa, María Barral reuníuse co xefe da Demarcación de Carreteras en Galicia para concretar diversos aspectos dos traballos para evitar as inundacións na Ribeira e que deron comezo ao día seguinte por parte do Ministerio de Fomento.



1 de setembro de 2018

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo «Con piel Canela» por conta da Trova organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

6 de setembro de 2018

No edificio Liceo tivo lugar o video-forum «O empoderamento no eido deportivo», por conta das deportistas Ruth Ballesteros e Ruth Lorenzo, organizado pola Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.

8 de setembro de 2018

Tivo lugar no Porto de Betanzos o III Encontro de Embarcacións Tradicionais de Betanzos, no que participaron embarcacións de Sada, Perbes, Redes e Ares. A organización foi da Asociación Porta da Vila.

8-9 de setembro de 2018

Tivo lugar na praza do Campo a XIV edición de MercaBetanzos, o mercado das oportunidades do comercio local. Foi organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos en colaboración co Concello.

10-28 de setembro de 2018

Na Sala de Exposicións Jesús tivo lugar a exposición titulada «Betanzos histórico: rúas doentes» con fotografías do alumnado de 3º da ESO do IES Francisco Aguiar.



14 de setembro de 2018


Celebrouse no Cine Alfonsetti o IV Certame de Monólogos Cómicos no que a humorista e actriz, Goize Blanco acadou o premio do xurado e o do público.

15 de setembro de 2018

Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao desenvolveuse un «Obradoiro de globoflexia», impartido por Elisa e Ian dentro das actividades do programa «Outono de lecer na Biblioteca».

15-23 de setembro de 2018

Desenvolveuse nestes días a VII Semana de Custodia do Territorio organizada pola Fundación Fragas do Mandeo e pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos coa colaboración de outras asociación e colectivos. O programa incluíu conferencias, actividades de voluntariado e unha eco-regata para a mellora dos espazos naturais da Reserva da Biosfera.



17 de setembro de 2018

Na Praza da Constitución, tivo lugar a inauguración da exposición titulada «Francisco Llorens, o pintor das Mariñas», de seguido desenvolverase unha visita guiada por conta da comisaria da mostra Rosario Sarmiento. Foi organizada polo Consorcio das Mariñas que contou coa colaboración Concello de Betanzos.

22-23 de setembro de 2018

Na praza do Campo celebrouse a VI edición da Mostra de Viños e Produtos das Mariñas organizada polo Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos e o Concello de Betanzos. Foron vinte e tres os expositores con Viño da Terra de Betanzos, produtos de horta e alimentos de agricultura ecolólica.



22 de setembro de 2018

Como xa é tradición, os/as betanceiros/as que cumpriron 50 anos xuntáronse para celebralo.

27 de setembro de 2018

Na igrexa de Santiago tivo lugar o concerto da Orquesta Sinfónica de Galicia «Oberturas y sinfonías en la España del siglo XVIII», dirixida por Aarón Zapico. Foi organizado pola OSG coa colaboración da Unidad Pastoral de Betanzos e o Concello de Betanzos.



Arume

28 de setembro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do Anuario Brigantino 2017 n.º 40. O acto estivo presidido pola alcaldesa, María Barral, a quen acompañaba o concelleiro de cultura, Andrés Hermida e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu por conta do catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa Rico.

29 de setembro de 2018

Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar «A incrible historia da maxia», por conta do Mago Teto dentro das actividades do programa «outono de lecer na Biblioteca».

3-22 de outubro de 2018

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición do XI Certame de artesanía Antonio Fraguas dentro do programa de exposicións itinerantes organizado pola Deputación Provincial da Coruña.



5-14 de outubro de 2018

A lo largo destes días celebrouse a VIII Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e na que participaron vinte e un establecimentos. O evento contou coa colaboración da casa de refrescos Coca-Cola quen premiou aos escollidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recae no restaurante Sinuessa. O premio de votación popular foi para Taberna 1931.

5 de outubro de 2018

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a actividade «Música e lingua, repaso da nosa música contemporánea e o papel da muller nel» por conta do grupo galego Zenzar, para o alumnado do IES Francisco Aguiar e do IES As Mariñas. Foi organizada polo Concello de Betanzos dentro do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña.

5 de outubro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto «Noite de fado» por conta do grupo de fado «Cançao de Coimbra & fado de Lisboa» (Portugal), dentro das actividades do Encuentro Internacional de Música de Pulso y Púa en Galicia 2018. Foi organziado pola Asociación Cultural Pórtico das Artes, coa colaboración do Concello de Betanzos.

6 de outubro de 2018

Na Biblioteca Municipal de Betanzos «A. Castelao» desenvolveuse o obradoiro creativo de cocíña, teatro e danza titulado Chocolate, por conta de *Teatro Calavera*, dentro das actividades do programa «Ler conta moito» da Xunta de Galicia. Foi organziado polo concello de Betanzos.

6 de outubro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O servidor de dous amos» interpretada pola compañía Talfá Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



7 de outubro de 2018

Bullas e Betanzos asinaron o irmandomento das dúas cidades nun acto que tivo lugar no concello murciano entre as alcaldesas María Dolores Muños e María Barral coa presencia de varios concelleiros.

7 de outubro de 2018

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «Asubíos» inspiranda no conto Cada home é unha raza, de Mia Couto, por conta da compañía de teatro

Elefante elegante. Foi organziado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro da Rede de Dinamización Lingüística, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos.

8 de outubro-5 de novembro de 2018

Levouse a cabo nestes días unha «Escola de Empoderamento de mulleres do rural» coa realización de obradoiros. Foi organizada por Arabías e o Sindicato Labrego Galego que contaron coa colaboración da Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

13 de outubro de 2018

Tivo lugar no Paseo da Tolerancia a «Noite de DJ's» organizada polo concello.

17 de outubro de 2018

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do Programa Universitario para Maiores que puxo en marcha o concello en colaboración coa Universidade da Coruña. O acto estivo presido pola alcaldesa, María Barral, e a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Educativa, Nancy Vázquez, ademáis da directora da Universidad Séniior, Matilde García Sánchez e o concelleiro de Educación, Andrés Hermida.



17-19 de outubro de 2018

Desenvolveuse ao longo destes días no edificio Liceo o XIV Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas (Galcreques 2018), organizado pola Asociación Cultural Barriga Verde e o Concello de Betanzos, no que participaron os seguintes grupos: Mano y Contramano (México), Titiritainas (Ecuador) e Ulularia Teatro (Arxentina).

20 de outubro de 2018

No edificio Liceo tivo lugar o obradoiro/contacontos «A casa encantada de Alí» por conta de Luis Prego e Fabaloba. Foi organizado polo concello de Betanzos dentro do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña.

25 de outubro-13 de novembro de 2018

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez desenvolveuse a exposición titulada «A banda deseñada: unha ollada en feminino», da artista Julia Soler. Foi organizada polo concello de Betanzos.

31 de outubro de 2019

Visitou Betanzos o escritor e exministro de Cultura, César Antonio Molina, que vemos no Museo das Mariñas na compañía dos concelleiros Antonio Vázquez e Andrés Hermida, ademais do director do Museo, Alfredo Erias.



2 de novembro de 2018

A Cruz Vermella e o concello asinaron un convenio de colaboración para a xestión do programa de reforzo de alimentos dende o que se atenden casos de familias en situación de especial vulnerabilidade residentes no concello.

Novembro de 2018

O escritor betanceiro, Xabier López, coa novela «900» foi o gañador da premio Torrente Ballester de narrativa galega convocado pola Deputación da Coruña.



10 de novembro de 2018

No edificio Liceo, organizado polo concello dentro da Rede cultural da Deputación da Coruña, tivo lugar o obradoiro/contacontos «Un bico para Alí» por conta de Luis Prego e Fabaloba.

9 de novembro de 2018

O escritor betanceiro, Xabier López presentou na libraría Biblos o libro «Max&Franz» editado pola Editorial PRE-TEXTOS e co que o autor gañou o XXVI Premio de Novela Breve Juan March Cencillo o pasado mes de agosto.

10 de novembro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Castrapo» interpretada pola compañía Os Náufragos, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditórios da AGADIC.



Arume

12 de novembro de 2018

O veciño de Betanzos, Alejandro López Sánchez foi o gañador do Premio María Remedios Guillén de Novela corta de Montañismo, coa súa obra «Alfa».

16 de novembro de 2018

Organizados polo concello tiveron lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns os actos do VII Memorial Carlos López García-Picos, que consistiron na presentación da edición da obra «Dúas cancións de Carlos López García-Picos» e o concerto «A Canción galega de concerto», coa estrea de dúas pezas de Carlos López, por conta do grupo de solistas da Compañía Lírica de Galicia.



25 de novembro de 2018

Máis de duascertas asociacións, colectivos e comerciantes da cidade sumáronse á campaña «Betanzos en Negro» organizada polo Concello con motivo do Día Internacional pola eliminación da violencia contra as mulleres.

25 de novembro de 2018

Na Igrexa de Santa María tivo lugar o Concerto da Ilusión da Banda Municipal de Música de Betanzos, organizado polo Concello de Betanzos coa colaboración da Asociación Amigos da Banda. Ingresaron na Banda cinco novos integrantes: Katia Sofía Gómez, Ana Limón, Pablo Deive, Matilda Silva e Mario Taibo.



30 de novembro- 9 de decembro de 2018

Ao longo destes días desenvolveuse a Semana do Pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 28 establecementos, e o petisco da Taberna 1931 foi o escollido como gañador do certame. No concurso popular dos clientes resultaron gañadores «A Artesa da Moza Crecha e Cho».

Decembro de 2018

En todo este mes e parte de xaneiro de 2019 desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade, así como da Rede Cultural da Deputación da Coruña. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Noa Viqueira Miramontes e Matilda Silva Sánchez, gañadoras do concurso de carteis de Nadal do Concello.

Decembro de 2018

Neste mes celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o X ciclo de Teatro en Familia incluído na programación de Nadal do Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña. As obras representadas foron: «Xoga» pola compañía Entremans, «Patapatum» por Elefante Elegante, «A galíña azul» por Tanxarina e «Planeta Ardora» pola compañía Trompicallo. Ao mesmo tempo celebrouse o ciclo Cine Familiar de Nadal.



1 de decembro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O Rei Morre» interpretada pola compañía Sarabela Teatro. Foi organizada polo concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

4 de decembro de 2018

O betanceiro, Ángel Arcay Barral, foi premiado pola Universidade de Vigo por un traballo sobre a simboloxía masónica do parque do Pasatempo. O Premio de Investigación Masonería Aberta está organizado pola Facultade de Historia de Ourense e o Instituto de Estudos Masónicos de Galicia.

5 de decembro de 2018

Na Praza da Constitución colocouse un reloxo que marcou a conta atrás para a conmemoración do 800 aniversario da fundación da cidade.

6 de decembro ao 6 de xaneiro

Nas diferentes rúas do Casco Histórico tivo lugar a Exposición das obras participantes no I Concurso de fotografía «Nadal no Casco Histórico». Foi organizada pola Asociación de Comercio Hostalaría e Servizos do Casco Histórico de Betanzos.

5-25 de decembro de 2018

Na Sala de Exposiciones Jesús Núñez tivo lugar a exposición fotográfica titulada «El eterno retorno del tiempo pasado», de Cristina Mejías Bamio e Alejandro Tolva.

9 de decembro de 2018

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móvil que dirixe Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.

13-21 de decembro de 2018

Ao longo destes días desenvolvéronse nos centros educativos da cidade diversos concertos, obradoiros e espectáculos, organizados polo concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, nos que participaron o Mago Benjamín, Caxoto, Compañía Exire, Mago Rafa, Ramiro Neira, Mago Román, Charo Pita, Mago Martín Camiña e a Compañía Exire.

14 de decembro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o festival Nadal en Danza da Escola Danzarte.

18 de decembro de 2018

Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns unha sesión dun Pleno Infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF e os centros educativos.

18 de decembro ao 3 de xaneiro

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición fotográfica titulada «Express-Arte», cedida pola Secretaría Xeral de Igualdade.

20 de decembro de 2018

A empresa Viaqua de Galicia fixo entrega ao Concello de Betanzos dunha partida de xoguetes destinada a nenos e nenas de familias necesitadas dentro dunha campaña que ten coma finalidade que «ningún neno se quede sen o seu regalo nestas festas de Nadal e Reis».



21 de decembro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a III Gala do deporte, na que se reconñeceron varios deportistas e entidades locais destacadas no ano 2017.



23 de decembro de 2018

Arredor de trecentas persoas participaron na «Caminata por nosotras: Por correr sin miedo y no por miedo», iniciativa dun grupo de veciños en homenaxe a Laura Luelmo, xove asesinada en Huelva.

28 de decembro ao 5 de xaneiro

Na Sala de Exposiciones Jesús Núñez tivo lugar a exposición e mercadiño de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.

31 de decembro de 2018

Celebrouse a II San Silvestre Betanceira, con saída e chegada na Praza da Constitución, Organizada pola Asociación As Vellas non Paramos e o concello.



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, rúa Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas. Canto ás ilustracións, o *Anuario Brigantino* caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherence co texto e o sentido común canto ao seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do/a autor/a ou autores/as, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fose o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (*abstract*)

en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As aspas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible, farase un uso preferente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apellido (ou apelidos, se se considera) do/a autor/a ou autores/as, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ao da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese pone só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis pone só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ao remate do traballo, seguirá unha orde alfabetica por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os/as autores/as españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os/as anglosaxóns/nas, rusos/as e portugueses/as, polo 2. apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colecc. *Europa Románica*, v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do/a editor /a (es/as) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da achega

entrecomiñado», autor/a (es/as) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páginas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas, páginas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun/ha autor/a, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un/ha autor/a nun mesmo ano:
GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos/as autores/as, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.





Javier Garaizábal. Figura de espaldas 35x27 cm

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2018, N. 41
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 2019
en pleno 800 aniversario
do traslado de Betanzos ó Castro de Unta



Javier Garaizábal.
Suelo hidráulico
100x81 cm